Sería preciso que a Xunta aprobase un plan de conservación que inclúa as accións que garantan a protección, a xestión e a ordenación desta paisaxe, co obxecto de evitar o deterioro do conxunto paisaxístico. Todo canto fixo o Goberno de Feijóo foi incluír un enlace na súa páxina *web* de Turismo. Nin sequera aceptou a invitación do Concello de Laxe para participar na mesa redonda que se celebrará ao día un de xuño, "Un impulso ao Plan de Conservación dos Penedos de Pasarela e Traba".

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solici8tan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando vai o Goberno galego aprobar un plan de conservación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, tal e como se establece no Decreto 294/2008?

2ª) Vai incluír nese plan de conservación medidas de acción que garantan a protección, xestión e ordenación do espazo, co obxecto de evitar o seu deterioro?

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 10:34:28
Nº Rexistro: 47813
Data envío: 15/03/2019 10:34:28.617

3ª) Cando vai cumprir co compromiso adquirido, en novembro de 2018, cos concellos de Laxe e Vimianzo, asinando sendos convenios de colaboración para labores de limpeza e sinalización dos Penedos?

4ª) Que outras vías estuda o Goberno galego para poñer en valor esta paisaxe única?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2019 10:26:22**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2019 10:26:51**

**María Luisa Pierres López na data 15/03/2019 10:26:57**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 11:03:29
Nº Rexistro: 47820
Data envío: 15/03/2019 11:03:29.136

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A dársena de Camariñas require de actuacións de mantemento, xa que o seu estado está a provocar danos na seguridade das persoas. Nunha reunión mantida entre Portos de Galicia e o Concello acordouse que o Concello repararía a pasarela de madeira pola que acceden os vehículos, e Portos, pola súa banda, encargaríase dos paneis laterais de cristal.

A día de hoxe o Concello xa levou a cabo os traballos acordados, pero por parte do ente portuario non se ten realizado ningún traballo.

Isto resulta bastante indignante porque para realizar calquera tipo de actividade no espazo portuario é preciso cumprir todos os requisitos exixidos polo ente, incluído o pago das taxas, como debe ser; non obstante, cando se trata de levar a cabo actuacións conxuntas de mantemento e reparacións, a realidade amosa outra situación distinta, porque nalgúns casos prodúcense atrasos na execución dos compromisos adquiridos e noutros nin sequera se executan, tendo que ser os propios concellos os que acaben asumindo todas as actuacións a pesares de contar con menos medios, agás aqueles nos que no goberna o PP, como indican os datos dispoñibles.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando van levar a cabo as medidas necesarias para reparar a pasarela peonil do porto de Camariñas?

2ª) Cales son os motivos polos que desde novembro de 2018, aínda non se levaron a cabo as actuacións comprometidas?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 11:03:29
Nº Rexistro: 47820
Data envio: 15/03/2019 11:03:29.136

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2019 11:02:33**

**Patricia Otero Rodríguez na data 15/03/2019 11:02:46**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 12:11:47
Nº Rexistro: 47829
Data envío: 15/03/2019 12:11:47.922

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2016, os temporais e inundacións colapsaron Galicia. Numerosas estradas autonómicas quedaron cortadas como consecuencia de desprendementos. Un exemplo disto, foi o acontecido na AC-433, que transcorre polo concello de Laxe, que quedou inoperativa. Foi o Concello cos seus propios medios o que limpou e habilitou a estrada. Pola súa banda, o Goberno galego o que fixo foi sinalizar de xeito provisional a estrada, protexendo os laterais con conos que teñen por obxecto evitar que novos desprendementos cheguen á estrada.

Desde entón, non houbo ningunha actuación por parte da Xunta de Galicia. Todas se levaron a cabo desde o concello.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai levar a cabo o Goberno galego alguhna medida para garantir a seguridade da estrada AC-433, e non se repitan escenarios coma os do ano 2016? En caso positivo, cando e cales?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2019 12:04:15**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2019 12:04:25**

**María Luisa Pierres López na data 15/03/2019 12:04:31**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Don Enrique Labarta Pose (Baio, 1863-Barcelona, 1925), escritor e xornalista galego, referente da literatura galega de finais do século XIX e primeiro cuarto do século XX. Cabe destacar na súa traxectoria a súa participación nos faladoiros da Academia da Mocidade Católica, onde ten ocasión de coñecer a escritores como Vale-Inclán, Augusto González Bicada, Juan Barcia Caballero, Vázquez de Mella, Cabeza de León ou Alfredo Brañas.

Labarta Pose é un poeta encadrado na liña costrumbrista de finais do século XIX, aínda que incorporou elementos modernistas. Algunhas das súas obras: Galicia Humorística (1888), O País Galego (1888), A Pequena Patria (1890), Extracto de Literatura (1893) e Pasatempos (1893-1894); dirixiu Galicia Moderna (1897) e colaborou en Galicia Recreativa e A miña Terra co pseudónimo de Antón de Rabodegalo. Un dos volumes da Biblioteca galega comprende a obra Tío Miseria e outros contos, de Labarta Pose.

A súa memoria segue aínda viva na súa vila natal. Así, o colexio da localidade leva o seu nome, mentres que as asociacións locais de carácter cultural máis relevantes (Adro e Badius) homenaxean ano tras ano ao escritor coa finalidade de propoñer a súa figura para o  Día dás Letras Galegas, ata o punto de constituírse unha comisión para canalizar esta petición, encabezada por un científico e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, o profesor Jorge Mira, coñecido divulgador e director do programa Conciencia da USC.

Quizá un dos fitos máis relevantes no afán por destacar a figura e a obra do escritor, viviuse hai máis de 20 anos coa publicación da obra Contos (Galaxia, editada por Xosé Manuel Varela Varela e Xosé María Lema), un libro que recolle oito dos relatos que Labarta Pose publicara en 1897 e 1908 en revistas diversas.

Enrique Labarta Pose foi pioneiro introducindo a literatura na Costa da Morte, e con ela o xénero humorista, como un sinal de identidade dos seus relatos, ambientados en moitos lugares do interior desta comarca da provincia da Coruña.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 12:30:09
Nº Rexistro: 47837
Data envío: 15/03/2019 12:30:09.668

En relación con este tema aprobouse en outubro de 2017 no Congreso dos Deputados unha Proposición non de lei por unanimidade, para apoiar a divulgación das obras de Eduardo Pondal e Enrique Labarta, mediante a sinatura de convenios cos seus respectivos concellos de nacemento, Ponteceso e Zas, así como coas entidades Badius e Adro, e Fundación Eduardo Pondal. O punto 2 da resolución aprobada, establece o seguinte:

"2. El Congreso de los Diputados manifiesta la voluntad firme de dar a conocer y promover la difusión de la figura y de la obra del intelectual, escritor y poeta baiés Enrique Labarta Pose, e instar a promover la firma de convenios de colaboración con el Ayuntamiento de Zas (en el que se ubica la localidad de Baio, donde nació),y con las entidades culturales Adro y Badius, que vienen emprendiendo actualmente actividades de homenaje y conmemoración de la vida y obra del escritor."

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que opinión ten o Goberno galego sobre a necesidade de implicación institucional e orzamentariamente na difusión e conmemoración da figura e da obra do intelectual, escritor e poeta baiés, Enrique Labarta Pose, a través de convenios de colaboración co Concello Zas, e coas entidades culturais Adro e Badius?

2ª) Vai o Goberno Galego seguir os pasos do Congreso e apoiar a difusión da obra intelectual do escritor e poeta baiés Enrique Labarta?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2019 12:27:03**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 15/03/2019 12:27:15**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2019 12:27:27**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 13:44:28
Nº Rexistro: 47854
Data envio: 15/03/2019 13:44:28.543

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os municipios que constitúen un xeodestino turístico na Costa da Morte ofrecen unhas calidades turísticas inigualables debido ás características únicas da súa natureza, con inconfundibles e interminables praias, unha costa agreste e abrupta, chea de lendas e embruxo. Integrada nos circuítos xacobeos ofrece pintorescos lugares, restos de cultura castrexa, importantes testemuñas románicas das que cabe salientar como máximos expoñentes as igrexas de Moraime, Mens, Cereixo e Fisterra, ás que hai que engadir dolmens, castelos, santuarios, faros, fervenzas, En definitiva,  terra de contrastes e mil paisaxes, cunha boa mesa.

Por iso, os rexedores municipais non son descoñecedores do potencial co que contan, e ano tras ano están a facer importantes esforzos para poñelo en valor. Este esforzo vese reflectido nun inxente número de visitantes que se incrementa cada ano.

Non obstante, esta afluencia aflorou algunhas carencias nos servizos, a pesar dos grandes esforzos municipais para afrontala. Estas carencias veñen derivadas dos escasos recursos cos que contan.

Unha das máis salientables é a resultante da Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as condicións e as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados como municipios turísticos e  xeodestinos de Galicia, que limita as posibilidades de contratación de persoal nas oficinas de turismo, unicamente aos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Desde o 15 de xuño ao 15 de setembro.

Trátase dun modelo desfasado e insuficiente, que non se corresponde coa corrente real de visitantes ao largo do ano, e que impide que se poida ofrecer un servizo de calidade con comodidade. É preciso, polo tanto, un modelo que responda ás necesidades reais e aporte flexibilidade, de modo que os concellos poidan realizar estas contratacións, fixando de acordo coas súas necesidades as datas que requiran deste servizo, que non necesariamente ten que ser o mesmo en todos os concellos.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 13:44:28
**Nº Rexistro: 47854**
Data envio: 15/03/2019 13:44:28.543

Por todo iso a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da falta de flexibilidade que supón o modelo actual de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, que só permite as contratacións entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, de modo que non se corresponde coas necesidades reais dos concellos?

2ª) Ten pensado o Goberno galego revisar á alza o importe máximo da axuda de "por entidade" xa que resulta insuficiente para afrontar as necesidades reais dos concellos?

3ª) Ten valorado o Goberno galego o establecemento dunha taxa turística?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2019 13:42:50**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/03/2019 13:43:00**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2019 13:43:08**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 47868
Data envio: 15/03/2019 18:33:43.448

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Eurostat acaba de publicar os datos sobre a riqueza das 291 rexións da Unión Europea-28 para 2017, medidos en PIB *per cápita* en paridade de poder adquisitivo.

Estes datos sitúan Galicia nun 82 % da media comunitaria, é dicir, a 18 puntos porcentuais da media UE-28 e 10 puntos por debaixo da media de España.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

2ª) Cantos recursos ten acadado Galicia da Unión Europea nestes últimos dez anos?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2019 18:31:19**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2019 18:31:25**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 47871
Data envio: 15/03/2019 18:37:32.564

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado 3 de marzo, en Alcalá de Henares, na presentación dos candidatos do PP, o presidente do Partido Popular, o Sr. Pablo Casado, anunciou: "Mientras otros insultan, el PP hace propuestas que solucionan los problemas reales, como la del blindaje fiscal al ahorro"

Na páxina *web* do Partido Popular hai unha nova, cunha foto do Sr. Pablo Casado e o presidente Feijóo, na que se explica en que consiste esa "blindaxe fiscal do aforro" que se presenta como unha "propuesta de revolución fiscal para que, mediante la bajada de impuestos, se favorezca el emprendimiento y la creación de riqueza por parte de la sociedad", proposta que se materializaría na baixada do IRPF por debaixo do 40 %, na baixada do Imposto sobre sociedades por debaixo do 20 %, a eliminación dos impostos do patrimonio, de sucesións e doazóns e actos xurídicos documentados.

Á vista destas declaracións, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego destas declaracións do presidente do Partido Popular?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2019 18:31:37**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2019 18:31:49**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 47876
Data envío: 15/03/2019 18:53:30.937



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A semana pasada tiñamos coñecemento de que o presidente da xestora do PP de Burela (desde decembro de 2016) e candidato á Alcaldía polo Partido Popular dese concello nas vindeiras eleccións municipais era xuíz de Paz en Cospeito. Cando menos, o señor Rouco López estivo a desempeñar o cargo desde xuño de 2014 ata, polo menos, o pasado xoves, 7 de marzo de 2019.

Pero o máis sorprendente é que esta situación non é recente, xa que a primeira vez que tomou posesión como xuíz de Paz en Cospeito foi en xuño de 2014, por un período de 4 anos. Posteriormente en 2018 volve a se presentar para este cargo, xa que na Acta da Sala do Goberno do TSXG de data 18 de febreiro de 2019 deuse conta dos acordos adoptados por esta sala na súa reunión do 21 de decembro de 2018 e, entre os acordos, contémplase a dación de conta das solicitudes presentadas para optar ao cargo de xuíz de Paz titular en Cospeito, entre elas a de don Manuel Rouco López e a doutra solicitante, curiosamente a súa muller. Na mesma resolución acórdase nomear como xuíz de Paz titular de Cospeito a D. Manuel Rouco López. Acordo que foi publicado no BOP de Lugo de data 19 de febreiro de 2019.

O Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, establece varias obrigas. No artigo 17 esíxese que se nomee como xuíz de paz a unha persoa que resida no municipio. Tamén, no artigo 23, se prohibe que pertenzan a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servicio deles, e estaranlles prohibidas as actividades comprendidas no artigo 395 da Lei orgánica do Poder Xudicial. Don Manuel Rouco López incumpre estes dous artigos.

Ademais, no artigo 14 do Regulamento 3/1995 dise que durante o seu mandato os xuíces de paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei orgánica do Poder Xudicial no que lle sexa de aplicación. E aquí cabe salientar que no BOP de Lugo de data 25 de agosto de 2015 publicouse o nomeamento do señor Rouco, con efectos do 11 de agosto de 2015, como asesor de nivel III adscrito a área de Presidencia da Deputación de Lugo. O señor Rouco estivo contratado como asesor na Deputación de Lugo no período que a Presidencia da dita entidade local recaía na militante do Partido Popular, a señora Elena Candia.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por último, non podemos esquecer que este señor é o candidato á Alcaldía de Burela polo PP desde o 9 de xaneiro de 2019, e así foi presentado polo secretario xeral do PP de Galicia, o señor Tellado, e pola presidenta provincial do PP en Lugo, a señora Candia.

Polo anteriormente exposto as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os posibles incumprimentos e incompatibilidades, contempladas tanto na Lei orgánica do Poder Xudicial coma no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de xuíces de Paz, nas que puido incorrer o presidente da Xestora do PP de Burela e candidato polo Partido Popular á Alcaldía de Burela nas vindeiras eleccións municipais?

2ª) Era coñecedor o Goberno galego de que o candidato á Alcaldía de Burela polo Partido Popular nas videiras eleccións municipais e presidente da Xestora do PP de Burela desempeñaba o posto de xuíz de paz en Cospeito.

3ª) Ten pensado o Goberno galego adoptar algunha medida ante a situación anteriormente descrita, se for o caso, cal ou cales?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 15/03/2019 18:52:00**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2019 18:52:12**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2019 18:52:19**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 47880
Data envio: 15/03/2019 19:05:47.998

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á realización dunha auditoría para xustificar o cese dunha supervisora da UCI do HULA.

A través dos medios de comunicación tivemos coñecemento do cese dunha supervisora da UCI do HULA en 2016, tras catro anos desempeñando ese cargo, en base ao resultado dunha auditoría interna encargada pola propia dirección.

Segundo a información da que dispoñemos a auditoría foi realizada por cargos directivos que son xuíz e parte como é o caso da Directora de Enfermería que consta como a que toma a iniciativa de pedir a auditoría, realizala, e que con base ao informe que ela mesma asina emite informe de cese. Cese que se realice en primeiro lugar de xeito verbal por parte da Dirección de Enfermería, manifestamente incompetente para realizalo, mais non de inmediato ao observar a gravísima situación, xa que formaba parte das persoas que realizaron a auditoría, senón máis dun mes máis tarde.

As conclusións da auditoría é durísima, pon en cuestión o funcionamento da UCI e o proceder profesional das persoas que traballan neste servizo, desprestixiando ao persoal.

Chama a atención que tras as gravísimas deficiencias que “detecta” a auditoría só se salde co cese dunha supervisora, cando había dúas supervisoras na unidade, que tras esta auditoría sen teñan realizado outras que foron positivas sen que se teña



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 47880
Data envio: 15/03/2019 19:05:47.998

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coñecemento de que se realizaran actuación relevantes na unidade para dar como resultado un cambio tan radical, ou que o cese se producira non de inmediato, tras verificar a "gravidade" da situación" senón meses despois.

Desde o BNG non entramos a cuestionar a conveniencia do cese dun cargo de responsabilidade, se quen o nomeou "perde a confianza" no mesmo, senón que se chegue a facer uso dunha auditoría, que todo indica sesgada , na que se deixa en moi mal lugar o funcionamento dun servizo tan esencial como é a UCI dun hospital coa alarma social que isto pode xerar, e sen que se deriven máis consecuencias nin asunción de responsabilidades que o cese dunha supervisora, xa que hai responsábeis por enriba dela que terían que como mínimo ser cesad@s tamén.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal era o fin da auditoría?

-En que data se tomou a decisión de realizala? En que data se coñeceu o resultado da mesma? En que data se lle comunicou o cese á supervisora da UCI teoricamente como consecuencia da mesma?

-Se o obxectivo da mesma era determinar as deficiencias existentes na UCI do HULA, que actuacións se teñen realizado para mellorar este servizo? Destináronse máis recursos ao mesmo?

-Dentro dos temas a auditar incluíronse a insuficiencia dos recursos humanos no Servizo e a mobilidade do mesmo fóra da unidade, denunciada e reclamada pola supervisora?



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 47880
Data envio: 15/03/2019 19:05:47.998

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Por que se responsabilizou da situación só a unha supervisora cando había dúas supervisoras na unidade?

-Se a situación é tan grave como determina a auditoría, como é posíbel que a única medida sexa cesar só a unha supervisora e ningunha responsabilidade sobre @s cargos de dirección que están por enriba dela e teñen máis responsabilidade?

-Se as deficiencias detectadas eran tan graves, como non se cesa de inmediato á Supervisora de Enfermería e @ Xefe de Servizo, xa que a Directora de Enfermería do Hula formaba parte das persoas que realizaban a auditoría?

-Considera que a auditoría realizada corresponde a criterios obxectivos ou foi realizada ad hoc para xustificar o cese da Supervisora da UCI?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 47880
Data envio: 15/03/2019 19:05:47.998

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2019 19:04:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2019 19:04:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2019 19:04:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2019 19:04:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2019 19:04:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2019 19:04:13**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Manuel Díaz Villoslada, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

No marco da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, o Instituto de Xuventude Galicia, dependente da Consellería de Política Social conforme ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica deste departamento autonómico, ten entre outras as seguintes funcións:

- A planificación, promoción, organización e coordinación de actividades destinadas á xuventude, directamente ou en colaboración con asociacións xuvenís ou outras administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados,

- A coordinación, vixilancia e rexistro das instalacións xuvenís.

- A coordinación da Rede de albergues xuvenís de Galicia.

Entre estas instalacións xuvenís figura o Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo)

A Orde da Consellería de Política Social do 5 de febreiro de 2019, pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2016, fixa os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

A veciñanza de Bergondo está a recibir comunicacións para participar este vindeiro sábado 23 de marzo nun “xantar-homenaxe aos concelleiros do PP de Bergondo” ás 13:30 horas no Albergue de Gandarío.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 10:41:58
Nº Rexistro: 47883
Data envio: 18/03/2019 10:41:58.826

Autorizou o Goberno galego o uso privado do Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo) para este "xantar-homenaxe" do Partido Popular?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2019

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/03/2019 10:40:31**

**Noela Blanco Rodríguez na data 18/03/2019 10:40:41**

**Julio Torrado Quintela na data 18/03/2019 10:40:47**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 10:52:12
Nº Rexistro: 47885
Data envio: 18/03/2019 10:52:12.610

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

As matronas son profesionais relevantes na atención á saúde das mulleres, non só na súa etapa de maternidade (xestación, parto, puerperio e lactación) senón tamén ao longo de toda a súa vida sexual, desde a adolescencia ata a senectude. O plan formativo da súa especialidade cualifícaas para liderar a atención á esfera sexual e reprodutiva das mulleres, repercutindo de modo beneficioso na súa saúde global. Deben ter capacidade e autonomía na toma de decisións na atención e seguimento dos procesos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva tal como se recolle na **Ley 44/2003 de 21 de noviembre de ordenación de las profesiones sanitarias (LOPS).**

As competencias esténdense ao labor asistencial, xestor, docente e investigador.

Segundo os últimos datos rexistrados, a media de matronas por 100.000 habitantes nos países da OCDE é de 69, mentres no noso entorno era no ano 2014 de só 24, segundo recolle un estudio da Federación de Asociacións de Matronas de España.

Segundo datos informais da Asociación Galega de Matronas, na área sanitaria de Santiago de Compostela existen 33 matronas de atención primaria para 155.000 mulleres, correspondendo 4.900 mulleres por matrona. Na área da Coruña hai unha poboación de 283.000 mulleres entre 15 e 69 anos, o que corresponde a

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha matrona por 9.700 mulleres . En Lugo, a ratio ascende a unha matrona por 11.000 mulleres, sendo en Ourense a ratio 1:14.000. Na área de Vigo a proporción é de 1: 8.600. Con estas ratios, difícil asumir atribucións.

Se observamos o mapa da distribución das matronas nos servizos de Atención Primaria en Galicia (un total de 151 profesionais no ano 2017) constatamos que en zonas do país non existe atención ou apenas 1 ou 2 matronas dan servizo a comarcas enteiras. **Desas 151 matronas, 75 corresponden á provincia da Coruña, 52 á de Pontevedra e só 14 á de Lugo e 10 á de Ourense.** Nas provincias orientais prodúcense moitos menos nacementos que nas occidentais, pero en calquera caso os servizos ofrecidos polas matronas no sistema sanitario non deben circunscribir á faceta reprodutiva senón á saúde global das mulleres, nin sempre garanten unha atención de proximidade.

Comarcas como **Valdeorras, Verín, Viana, A Baixa Limia, Terra de Caldelas, Terra de Celanova ou Terra de Trives non dispoñen de matrona nos seus centros de saúde.** E tampouco Chantada, Meira, Quiroga, a Fonsagrada ou A Mariña Central. Só 7 concellos ourensáns e 10 de Lugo contan cunha matrona nas súas instalacións.

Existe tamén un grao relevante de desigualdade no que respecta ás competencias que estas profesionais asumen segundo áreas: na área sanitaria de Santiago, con mellor ratio, as matronas poden asumir máis atribucións ca en ningunha outra.

Malia todo, a ausencia de uniformidade de vías de abordaxe e de derivación e a ausencia de protocolos son outras eivas. As propias profesionais da Asociación Galega de Matronas reflexan que as guías técnicas do SERGAS de atención ás mulleres (como a de Embarazo e de Anticoncepción) están obsoletas

As matronas galegas revelan ademais a ausencia de estratificación nas necesidades asistenciais: non precisan a mesma a atención mulleres xestantes-

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

púerperas-lactantes que as mulleres doutros perfís: adolescentes, maiores, precisadas de atención ao chan pélvico, anticoncepción… O tempo por cada muller debe estar establecido para cada modalidade de atención. Tampouco están definidas as súas funcións, nin a súa carteira de servizos. Deste modo entendemos que non se optimiza este valioso recurso profesional na atención á saúde global das mulleres.

Existe evidencia científica suficiente de que as matronas conseguen mellores resultados en termos de saúde perinatal en mulleres e crianzas. Os documentos como a Estratexia de Atención ao parto normal poñen de manifesto a necesidade de que as matronas lideren a atención ao parto normal e a atención á patoloxía de baixa complexidade.

O modelo de atención que máis satisfacción e seguridade aporta ás mulleres é o dunha matrona para unha muller durante todo o proceso de embarazo, parto e posparto (continuidade de coidados). Pola contra, o modelo tradicional é o que aporta menos satisfacción e maior ansiedade para as mulleres.

Esta evidencia dispoñible asegura tamén que, ademais deben ser as principais provedoras de coidados relacionados co asesoramento sexual en xeral, con maior satisfacción das mulleres. Non debemos esquecer a función asesora en adolescentes que comezan coas prácticas sexuais, en mulleres que desexan contracepción, en asesoramento sobre a interrupción do embarazo, no período do climaterio e nas condicións que acompañan as últimas décadas da vida das mulleres (debilidade do chan pélvico, incontinencias, colocación de pesarios, etc).

Na actualidade existe non só unha infradotación da ratio de matronas con respecto aos países da OCDE, con especial incidencia na Atención Primaria e nas provincias interiores, demais dunha limitación clara no desenvolvemento dos seus ámbitos competencias. Isto reflexa por unha banda un mal investimento do

CSV: dmPVVa8Ic8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

costo do seu período formativo en termos de xustiza distributiva (hai profesionais que emigran polas malas condicións aquí), senón tamén unha lesión aos intereses da saúde das mulleres.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

1.ª) Por que a ratio das matronas no noso entorno se establece en 24/100.000 mulleres, sendo a media nos países da OCDE de 69/100.000?

2.ª) Cales son os plans encamiñados a optimizar o labor das enfermeiras especialistas en atención xinecolóxica e obstétrica (matronas) na atención á saúde global sexual e reprodutiva das mulleres, así como a atención e seguimento aos embarazos, partos e puerperios normais ou de baixa complexidade coa maior continuidade asistencial e garantindo, segundo avala a evidencia científica, o maior grao de satisfacción das mulleres?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 18/03/2019 10:46:00**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:04:22
Nº Rexistro: 47897
Data envío: 18/03/2019 13:04:22.408

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación na que se atopan os restos arqueolóxicos no barrio da Tinería de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

O barrio da Tinería, en Lugo, é un espazo de enorme valor patrimonial. Nos últimos meses a Xunta de Galiza reiniciou os traballos de rehabilitación que ficaran paralizados durante a última década en unidades de intervención como nas que se atopan o Hospital de San Miguel e o Pazo de Dona Urraca.

Porén, fican pendentes actuacións que recuperen e poñan en valor restos arqueolóxicos romanos que se atopan tamén na Tinería, especialmente os fornos localizados na Unidade de Intervención UI-7. Actualmente este espazo atópase valado cun peche metálico e nun estado de conservación pésimo malia se atopar a carón da Muralla.

Para o Bloque Nacionalista Galego as actuacións da Xunta no barrio da Tinería deben ser concibidas no seu conxunto e ter moi presente a recuperación e posta en valor dos elementos patrimoniais, tamén arqueolóxicos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai desenvolver a Xunta de Galiza algunha actuación na UI-7 do barrio da Tinería, en Lugo, para recuperar e pór en valor os restos arqueolóxicos romanos que se atopan nela?

- De ser así, que actuacións e con que previsións temporais e orzamentarias?

- En caso negativo, por que non?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/03/2019 13:04:01**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/03/2019 13:04:07**



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:04:22
Nº Rexistro: 47897
Data envio: 18/03/2019 13:04:22.408

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2019 13:04:08**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/03/2019 13:04:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2019 13:04:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/03/2019 13:04:14**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:45:34
Nº Rexistro: 47912
Data envio: 18/03/2019 13:45:34.319

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a imposibilidade de impartir a materia de Matemáticas en lingua galega.

O 16 de marzo de 2019 unha profesora de Matemáticas do IES Enrique Muruais da Pontenova denunciaba a través das redes sociais a chamada que recibiu da Consellaría de Educación para a reprender por impartir aulas en galego.

Desde a aprobación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química só poderán ser impartidas en castelán ou en inglés, mais nunca en galego.

Este decreto que foi masivamente rexeitado desde a súa aprobación, contravén o disposto no Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade en 2004 e que recolle entre as medidas a adoptar "na educación secundaria obrigatoria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía, á parte das que xa están legalmente establecidas".

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:45:34
Nº Rexistro: 47912
Data envío: 18/03/2019 13:45:34.319

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto con anterioridade formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que continúa a incumprir a Xunta de Galiza o Plan Xeral de Normalización Lingüística?

- Que indicacións lle deu a Consellaría de Educación á docente do IES Enrique Muruais que imparte matemáticas en galego?

- Reprendeu a máis docentes nos últimos anos o Goberno galego por usaren a lingua galega nas aulas en contra do disposto no Decreto 79/2010?

- De ser así, a cantas persoas e por que razóns?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/03/2019 13:43:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/03/2019 13:43:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2019 13:43:47**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/03/2019 13:43:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2019 13:43:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/03/2019 13:43:51**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 10:43:45
Nº Rexistro: 47941
Data envío: 20/03/2019 10:43:45.122

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O día 8 deste mes de marzo, respondendo a unha pregunta formulada pola eurodeputada do bng Ana Miranda sobre o aumento do cultivo en Galicia de especies invasoras pirófitas o comisario de Medio Ambiente sr. Karmenu Vellu, entre outras cousas di que a Comisión recoñece ser consciente do uso de especies de eucalipto na silvicultura galega; porén asegura que o programa de desenvolvemento rural actual “exclúe o aumento da superficie forestal con esta especie” e que o Regulamento (UE) n.º 1143/2014 “estabelece un marco para previr a introdución e propagación de especies exóticas invasoras”.

Esta exclusión choca frontalmente coas previsións de incremento de hectáreas adicadas a eucalipto pola revisión do Plan Forestal Galego, pendente na actualidade de aprobación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que datos de superficie ocupada por eucalipto trasladou o goberno galego á Comisión europea e que opinión lle merece a prohibición tácita de aumento de



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 10:43:45
Nº Rexistro: 47941
Data envio: 20/03/2019 10:43:45.122

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

superficie forestada con eucalipto á que alude o comisario na resposta citada anteriormente?

- Conta a revisión do Plan Forestal, aprobada inicialmente a mediados do pasado ano, con datos actualizados por especies das superficies arboradas actualmente?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2019 10:36:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2019 10:36:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2019 10:36:38**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2019 10:36:39**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2019 10:36:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2019 10:36:42**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 11:07:21
Nº Rexistro: 47946
Data envío: 20/03/2019 11:07:21.217

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A Oficina Comarcal Agraria de Lugo esmorece por falta de persoal, situación que non é única no País pero que neste caso é moi grave pola extensión e poboación que atende.

Segundo explica a Xunta de Persoal Funcionario da Xunta de Galicia na provincia de Lugo nunha carta enviada ó Conselleiro de Medio Rural, ó director xeral da Función Pública e ó delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo. Nela esíxese a dotación urxente do persoal que foi cesando e que está pendente de substitución.

Desde xuño de 2018 a Oficina Comarcal de Lugo está atendida unicamente por un técnico e máis un administrativo, faltando por cubrir os postos de 2 técnicos e 1 administrativo que cesaron.

Esta oficina atende 6 concellos (Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei, Rábade, Portomarín e Guntín) con máis de 7300 explotacións, un un volume de máis de 6000 persoas, de 1500 expedientes e arredor de 5ME en axudas públicas.

Esta carencia trae consigo retrasos nas tramitacións administrativas e nas certificacións, causando graves perdas e malestar no sector agrario da área de Lugo.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación so é entendible se se enmarca dentro dunha política de desmantelamento do medio rural galego e nunha transferencia ás empresas privadas de asesoramento e tramitación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é a razón pola que se mantén en dotación precaria de persoal a Oficina Comarcal Agraria de Lugo?

-Que ten pensado facer o goberno galego ó respecto?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 11:07:21
Nº Rexistro: 47946
Data envio: 20/03/2019 11:07:21.217

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2019 11:05:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2019 11:05:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2019 11:05:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2019 11:05:57**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2019 11:05:58**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2019 11:05:59**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:08:56
Nº Rexistro: 47961
Data envio: 20/03/2019 13:08:56.231

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á proxección dunha planta de produción de mestura bituminosa en quente na canteira de Bouzas, nº266, de Parada de Ribeira no concello de Xinzo da Limia.

Recentemente, a concesión de licenza de obra por parte da Xunta de Goberno do Concello de Xinzo para a proxección dunha planta de produción de mestura bituminosa en quente na canteira de Bouzas reavivou inquedanzas na veciñanza da contorna, pois supón a reactivación dun proxecto paralizado desde 2014 e que ten numerosas dúbidas canto ao impacto ambiental que pode supoñer.

Cómpre recordar que xa o 22 de maio de 2014 fíxose pública a avaliación de incidencia ambiental. Daquela fora solicitado un informe preceptivo ao Concello, emitido no senso de que a actividade non é compatíbel co uso do chan (rústico de protección forestal) pero que podería ser autorizada pola Xunta. Posteriormente, o 11 de xuño 2014 fíxose pública a resolución da declaración de incidencia ambiental favorábel á realización da actividade. Unha vez foi pública e coñecida esta situación a causa dos trámites municipais, numerosas entidades sociais, ecoloxistas e veciñais coa súa presentación pública a finais de xuño do 2014 alegaron e protestaron contra este proxecto posto que a colocación deste implica moitos riscos pola súa proximidade ás poboacións e a zonas delicadas desde un punto de vista ambiental. Por exemplo, a



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proximidade á zona ZEPA da Limia, zona de especial protección para as aves, cuxa finalidade é a protección e conservación do hábitat e das especies de aves definidas na contorna que abrangue 6.939,20 ha dos concellos da Porqueira, Bande, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, e Xunqueira de Ambía. Ademais, alén de englobar o LIC de Veiga de Ponteliñares.

Ademais, cómpre recordar a unidade social e política neste tema e que por exemplo mesmo o 28 de xullo de 2014 tivo lugar un pleno extraordinario urxente no Concello de Xinzo de Limia no que foi aprobada por unanimidade unha moción rexeitando a planta e instando á Xunta a que lle denegue a licenza, como tamén foi aprobada unha moción no mesmo sentido, a proposta do Bloque Nacionalista Galego, na Deputación de Ourense, tamén por unanimidade.

Máis aínda, cómpre recordar que a Limia é unha zona con importantes problemas ambientais, ademais de ser unha zona profundamente castigada pola crise económica, a perda de poboamento e a crise no sector agrario. Polo tanto, todas as decisións que no presente supoñan unha posíbel afectación á contorna deben ter unha avaliación aínda máis rigorosa e actualizada canto ao seu impacto.

En vista do rexeitamento social que a implantación dunha planta deste tipo desatou hai anos en Xinzo, sorprendeu que con data 29 de maio de 2017 o Concello de Xinzo de Limia tomara, sen previa información pública á veciñanza, a decisión de conceder licenza urbanística para a devandita planta desestimando todas as alegacións presentadas por colectivos sociais e medioambientais. Uns acontecementos diante dos que a veciñanza ten demandado explicacións a respecto desta situación, sendo ignoradas polas administracións competentes, e este Grupo Parlamentar preguntou no Pazo do Hórreo solicitando á Xunta unha actitude de meirande diálogo para buscar unha saída a esta situación.



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:08:56
Nº Rexistro: 47961
Data envio: 20/03/2019 13:08:56.231

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis recentemente, na segunda quincena de marzo as e os veciños vían como se iniciaba a actividade na planta, unha actividade que segundo informou a empresa correspondía a unha proba previa a unha apertura aínda sen data fixada. Así mesmo, continúa pendente para 2020 o xuízo polas denuncias da plataforma veciñal.

Polo tanto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a situación legal da planta? Coñece o goberno galego a data prevista para o inicio da actividade?

- Que medidas levou ou vai levar a cabo o goberno galego para garantir que o proxecto de produción asfáltica para a canteira de Bouzas (Xinzo) non colide coa protección que precisan as condicións medioambientais, poboacionais e agropecuarias da zona?

- Considera o goberno galego que está garantida a adecuada xestión dos residuos?

- Ten avaliado o goberno galego o posíbel impacto negativo na produción agropecuaria profesional e familiar da contorna? De que forma?

- Como garante o goberno galego que o proxecto non teña un impacto negativo na zona ZEPA próxima?

- Coñece o goberno galego as razóns polas cales se veñen de retomar e acelerar os trámites suspensos desde 2014?

- Por que o goberno galego rexeita interceder na procura de consenso veciñal arredor desta cuestión?



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:08:56
Nº Rexistro: 47961
Data envío: 20/03/2019 13:08:56.231

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Coñece o goberno galego por que o concello de Xinzo mudou de opinión a respecto desta instalación?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2019 13:08:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2019 13:08:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2019 13:08:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2019 13:08:19**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:08:56
Nº Rexistro: 47961
Data envio: 20/03/2019 13:08:56.231

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2019 13:08:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2019 13:08:22**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 18:28:10
Nº Rexistro: 47979
Data envío: 20/03/2019 18:28:10.410

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na comisión 7ª do día 2 de marzo de 2017, aprobouse por unanimidade o seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

*1. Á creación dunha comisión técnica de seguimento da couza da pataca na que estean representadas a Xunta de Galicia, a FEGAMP, o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia e a IXP Pataca de Galicia, en relación ás medidas de control da praga, das accións informativas que se leven a cabo, así como da evolución do decreto que prepara o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.*

*2. A que a comisión técnica informe por escrito á Comisión 7ª do Parlamento de Galicia e ás organizacións agrarias da súa actividade, de maneira especial:*

*- Sobre as medidas de control que se vaian adoptando,*
*- Sobre os medios materiais e humanos dos que se dispoña para a loita contra a couza guatemalteca.*

*3. A elaborar un informe escrito, que deberá remitirse aos grupos parlamentarios, sobre a avaliación das medidas de prevención adoptadas dende 2015 para evitar a extensión da praga da couza guatemalteca.*

*4. A instar o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para axilizar a aprobación do decreto que recolla medidas eficaces e rápidas para evitar a extensión da praga.»*

Non obstante, e a pesares do acordado, os avances realizados pola Comisión Técnica non son remitidos á Comisión 7ª, sendo a única opción

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para conseguir a información a través do artigo 9 do Regulamento do Parlamento.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista o día 28 de decembro de 2018 rexistrou unha solicitude de información a través do dito artigo, no que se pedía explicitamente: "Copia da acta da reunión da Comisión de Seguimento da Couza Guatemalteca, celebrada o día 13 de decembro de 2018".

Esta información foi remitida ao Grupo Parlamentario Socialista o día 18 de xaneiro de 2018.

Na Comisión 7ª do día 14 de marzo, o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias fixo unha entrega aos grupos parlamentarios de diferente documentación referida á couza da pataca entre a que se atopa copia do email enviado co seguinte asunto: *"solicitude de datos art 9- acta comisión seguimento"*.

No documento que nos entrega o Sr. director xeral, nun cruce de conversacións vía email observamos que se fala da "*acta da Comisión da couza modificada*".

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) A que modificación da acta da Comisión da couza, se refire?

2ª) Cal é o motivo polo que non remitiron as copias das actas orixinais?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/03/2019 18:27:18**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 18:28:10
Nº Rexistro: 47979
Data envio: 20/03/2019 18:28:10.410

**Raúl Fernández Fernández na data 20/03/2019 18:27:29**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 10:17:25
Nº Rexistro: 47984
Data envío: 21/03/2019 10:17:25.910

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A PO-400 é unha estrada autonómica que se utiliza para comunicar os concellos de As Neves, Arbo e Crecente. Nesta estrada, é no punto quilométrico 9,980, na parroquia de Setados, onde se reclama dende hai case 20 anos unha solución para se poder incorporar, con seguridade, a esta vía de titularidade autonómica.

O Goberno da Xunta de Galicia ten no seu poder dende o ano 2014 un proxecto para dotar á estrada dunha "isleta" (rotonda) para poder dirixirse sen riscos ao centro de As Neves ou a Vigo. Ese proxecto denominouse "Estudo para a mellora da intersección no punto quilométrico 9,980 da PO-400 (As Neves)".

Non obstante existindo ese proxecto e que un dos deputados autonómicos do Grupo Popular manifestase que esta estrada se incluiría no Plan autonómico de eliminación de tramos de concentración de accidentes, nestes días o Goberno galego autorizou a colocación dun sinal de tráfico que obriga aos automobilistas a conducir cinco quilómetros en dirección contraria ata chegar á primeira rotonda que existe ou dar volta a dous quilómetros na veciña parroquia de Vide.

O certo é que o Concello de As Neves insiste na "isleta" (rotonda) e está disposto a colaborar na execución desta actuación cunha partida orzamentaria para facer fronte aos custos de expropiación dos terreos, solución que a propia conselleira de Infraestruturas e Mobilidade aceptou con relación ao Concello de Cerdedo-Cotobade (mediante a firma dun convenio, xa que logo da execución encargarase a consellería).

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a estrada PO-400, no punto quilométrico 9,980, na parroquia de Setados (As Neves), é unha vía altamente perigosa?

2. Vai aprobar o Goberno o proxecto de 2014 para dotar á estrada dunha "isleta" ou rotonda para se poder dirixir ao centro de As Neves ou a Vigo

CSV: dmPVVa8Ic8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 10:17:25
Nº Rexistro: 47984
Data envío: 21/03/2019 10:17:25.910

(denominado "Estudo para a mellora da intersección no punto quilométrico 9,980 da PO-400 (As Neves)")? Cando?

3. Ten previsto o Goberno incluír esta estrada PO-400 no Plan autonómico de eliminación de tramos de concentración de accidentes?
4. Está disposto o Goberno a colaborar co Concello de As Neves na execución desta actuación mediante a firma dun convenio semellante ao que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade firmou recentemente co Concello de Cerdedo-Cotobade para a PO-230?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 21/03/2019 10:14:19**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/03/2019 10:14:24**

**María Luisa Pierres López na data 21/03/2019 10:14:29**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:23:54
Nº Rexistro: 47993
Data envio: 21/03/2019 13:23:54.597

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Concello de Boborás(Ourense), atópase o conxunto histórico Pazos de Arenteiro, que conta dende o ano 1973 coa declaración de Ben de Interese Turístico Cultural.

Paralelamente ás obras que promoveu o Concello, recorrendo a unha escola taller e a fondos europeos, a Xunta de Galicia tamén procedía a recuperar a través dun proxecto dirixido por César Portela, a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro asumindo e financiando integramente a súa rehabilitación e creando na mesma un establecemento de turismo rural. Adxudicouse a xestión á única empresa que se presentou ao concurso convocado, Viñedos do Miño. As instalacións nunca estiveron abertas ao público con normalidade, nin o están. Denunciouse en numerosas ocasións a falta de atención, o uso particular das instalacións e a frecuente negativa a aloxar aos posibles clientes (alegando que está todo ocupado). A pesar destas circunstancias, non se actuou respecto.

O 05 de marzo de 2018 o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba no Parlamento de Galicia preguntas ao Goberno para coñecer a situación administrativa na que se atopa a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro. A resposta do Goberno galego, que tivo entrada no rexistro do Parlamento o 12 de abril de 2018, era a seguinte:

*"Dende o 6.10.2005 a entidade Viñedos del Miño, S.L., xestionou, mediante concesión, a Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás (Ourense) para uso hoteleiro, tras a tramitación do expediente para a adxudicación mediante concurso e por procedemento aberto. O contrato establece unha duración de doce anos a contar desde a entrega formal do inmoble, salvo resolución do mesmo, e entenderase prorrogado de xeito automático por períodos de tres anos, ata o límite de vinte e cinco anos, se non houbera algún requirimento previo de 6 meses por algunha das partes. O 1 de marzo de 2017 notificouse á concesionaria o requirimento previo, cunha antelación de seis meses, á entidade concesionaria Viñedos del Miño SL, aos efectos de non prorrogar o contrato de xestión, mediante concesión, da Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en*

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:23:54
Nº Rexistro: 47993
Data envío: 21/03/2019 13:23:54.597

*Boborás(Ourense). A concesión rematou o 6 de outubro de 2017.Na recepción do inmoble, polo persoal técnico da Axencia indicáronse unhas reparacións que lle correspondían á concesionaria por tratarse de defectos imputables á súa conservación e mantemento, o que se levou a cabo pola concesionaria.*
*A día de hoxe, xa rematadas as actuacións que a concesionaria asumiu realizar, o concello de Boborás manifestou a súa vontade de facerse cargo do inmoble, posto que isto permite un maior control da futura concesión. A Axencia Turismo de Galicia está a tramitar a realización do correspondente expediente de concesión demanial, ao abeiro do disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia"*

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Durante canto tempo estivo a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro (Boborás), funcionando como un establecemento de turismo rural?
2. Tramitou a Axencia Turismo de Galicia o expediente de concesión demanial ao Concello de Boborás da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro?
3. En que data se realizou?
4. En caso de que non se realizara, a que se debe este retraso?
5. Ten información a Xunta de Galicia a respecto de si o Concello de Boborás ten previsto licitar en próximas datas, a concesión deste inmoble?
6. Cal foi o orzamento que a anterior concesionaria, Viñedos del Miño S.L, dedicou ás reparacións efectuadas por falla de mantemento e conservación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro?
7. Considera a Xunta de Galicia que dito inmoble está na actualidade en perfectas condicións para albergar un establecemento de turismo rural?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/03/2019 13:21:42**

**Raúl Fernández Fernández na data 21/03/2019 13:21:48**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/03/2019 13:21:53**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/03/2019 13:21:58**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:25
Nº Rexistro: 47996
Data envio: 21/03/2019 13:26:25.920

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O pasado 15 de marzo anunciouse a decisión da avogacía do Estado de desistir de defender a prórroga de ENCE nas causas abertas na Audiencia Nacional como consecuencia dos recursos presentados contra a ampliación da concesión aprobada polo goberno do PP en xaneiro de 2016.

Esta decisión de ampliar a concesión ate o ano 2073 foi recorrida polo concello de Pontevedra, pola Asociación en Defensa da Ría e por Greenpeace. O concello de Pontevedra baseou o seu recurso na existencia de irregularidades na tramitación e aprobación da prórroga, entre elas o feito de que se sobrepase o máximo legal de 75 anos de concesión e que no expediente non se explicitaron as razóns que xustifiquen que a fábrica ten que estar no emprazamento actual, é dicir, en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Agora a avogacía do Estado vén de recoñecer estas anomalías e de desistir de defender a prórroga. Ábrese pois unha posibilidade real para conseguir unha demanda maioritaria da sociedade e da corporación municipal de Pontevedra.

Fronte a esta posición maioritaria, tanto a empresa ENCE como o PP defenden unha decisión arbitraria e que beneficia intereses privados fronte ao interese xeral.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:25
Nº Rexistro: 47996
Data envio: 21/03/2019 13:26:25.920

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda que no pasado tanto o presidente da Xunta como o PP defenderon a saída do complexo industrial da ría, posteriormente cambiaron de postura e actuaron na práctica como voceiros do consello de administración de ENCE.

A saída de ELNOSA dos terreos de dominio público en Lourizán marcou o inicio dun camiño que debe ser continuado agora co desmantelamento da fábrica de ENCE, de maneira que se poidan liberar os 600.000m2 ocupados e cumprir as normas de ordenación do territorio aprobadas polo goberno galego, concretamente o previsto nas DOT e no POL.

No que atinxe ao Plan de Ordenación do Litoral, na súa Disposición Adicional 3ª prevé na zona ocupada pola fábrica unha Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área "é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización".

Segundo o POL, "O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as actuacións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados".

Estamos pois diante dunha oportunidade histórica para poñer fin á desfeita da ría e da contorna, unha agresión iniciada no franquismo e continuada décadas despois, prórroga incluída. Unha oportunidade para iniciar unha nova etapa de respecto polo medio, de reconciliación coa contorna e de devolución a Pontevedra e á ría do que en xustiza lle corresponde.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:25
Nº Rexistro: 47996
Data envio: 21/03/2019 13:26:25.920

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a Xunta de Galiza como administración competente en materia de ordenación do territorio e tendo en conta que no seu día aprobou a declaración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a actividade de ENCE en Lourizán, debe liderar as negociacións para procurar un emprazamento alternativo para a fábrica.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Ten previsto o goberno galego defender os intereses privados da empresa ENCE ou poñerse do lado da legalidade, da maioría social da comarca de Pontevedra e das previsións aprobadas nas Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral?

2. Que opinión lle merece o criterio da avogacía do Estadio que considera que a ampliación da concesión de ENCE vulnera a legalidade en canto que se supera o máximo legal dos 75 anos e non se xustifica a a necesidade de que a fábrica continúe no emprazamento actual?

3. Ten previsto o goberno galego facer valer as súas competencias en materia de ordenación do territorio e en consecuencia cumprir as determinacións das DOT e do POL a respecto so terreos de dominio público ocupados por ENCE en Lourizán?

4. Cando prevé a Xuntade Galiza encargar a redacción dun instrumento de ordenación territorial para abordar conxuntamente as actuacións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados polo complexo industrial?



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Ten previsto o goberno galego iniciar as xestións para procurar un novo emprazamento para a fábrica de ENCE actualmente asentada en Lourizán?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2019 13:24:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 13:24:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 13:24:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2019 13:24:18**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:26:25
Nº Rexistro: 47996
Data envio: 21/03/2019 13:26:25.920

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2019 13:24:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2019 13:24:21**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:59:59
Nº Rexistro: 48004
Data envio: 21/03/2019 13:59:59.736

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que o concello de Marín conte con servizo de ambulancia 24 horas ao día.

O transporte sanitario en xeral, e o urxente en particular, é, ao igual que o resto da prestación sanitaria, un servizo esencial, un servizo vital, e como tal debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade.

Mais a realidade vai na dirección contraria, a Xunta de Galiza está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo e as condicións laborais dos traballadores. Foi deteriorando o servizo, con todas as decisións que foi tomando.

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Até setembro de 2011 o concello de Marín contaba con servizo de ambulancia de soporte vital básico 24 horas, nesa data o 061 recortou á metade o servizo, deixándoo en 12 horas, de oito da mañá a oito da tarde. Foron necesarias



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:59:59
Nº Rexistro: 48004
Data envio: 21/03/2019 13:59:59.736

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moitas reclamacións e a peticións constante da veciñanza da necesidade de aumentar o servizo, para que en xuño do 2016 o Sergas tomara a decisión de aumentar as horas de servizo de ambulancia dun xeito insuficiente, xa que tan só aumentou catro horas, de 12 a 16.

Atopámonos polo tanto que un concello como o de Marín, cunha poboación de máis de 24.000 habitantes non conta con servizo de transporte sanitario terrestre de 12 da noite a oito da mañá. Deixase polo tanto desprotexida á veciñanza durante ese período, toda vez que os vehículos que teñen que acudir teñen que facelo ben desde Pontevedra ou desde Bueu co que significa de aumento nos tempos de resposta.

O BNG ten demandado en varias ocasións a necesidade de que @s veciñ@s de Marín conten co servizo de ambulancia 24 horas, atopándonos coa negativa do Partido Popular. Toda vez que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando un novo concurso para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre é o momento de rectificar esa situación, razón polo que se formulan as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai incluír no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando, unha ambulancia de Soporte Vital Básico durante as 24 horas do día para o concello de Marín?

-Considera que @s veciñ@s de Marín poden recibir unha atención sanitaria rápida e con garantías, diante dunha patoloxía de gravidade, carecendo de ambulancia en horario de noite considerando que o factor tempo é esencial?



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:59:59
Nº Rexistro: 48004
Data envio: 21/03/2019 13:59:59.736

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai seguir primando no novo concurso os criterios económicos na vez da calidade asistencial?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 13:58:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 13:58:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2019 13:58:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2019 13:58:35**



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:59:59
Nº Rexistro: 48004
Data envio: 21/03/2019 13:59:59.736

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2019 13:58:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2019 13:58:38**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48008
Data envio: 21/03/2019 16:22:01.913

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández** e **Carmen Santos Queiruga,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

O DOG núm. 55, publicado o 20 de marzo de 2019, contén unha ORDE de 18 de marzo emitida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na que se ditan as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o 21 de marzo de 2019.

Segundo o exposto en dita Orde, a organización sindical *Solidaridad y Unidad de los Trabajadores* (SUT) convocou unha convocatoria de folga para todas e todos os traballadores temporais das distintas Administracións Públicas de todo o Estado, así como para os funcionarios de carreira que queira sumarse, dende as 00.00 horas do 21 de marzo ata as 24.00 horas do mesmo día.

O propio 20 de marzo, o sindicato SUT, emitiu un comunicado no que dicía descoñecer dita convocatoria nin os termos da mesma así como a persoa ou persoas que empregaron o nome do sindicato para realizala, eludindo calquera tipo de responsabilidade sobre a mesma.

No Servizo Galego de Saúde, as traballadoras e traballadores tiveron que firmar os servizos mínimos impostos pola Administración ante esta falsa convocatoria de folga que, polo que parece, non foi comprobada pola propia Administración.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48008
Data envio: 21/03/2019 16:22:01.913

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante estes feitos o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Ten coñecemento o Goberno do comunicado emitido polo sindicato?
- Ten coñecemento o Goberno de quen notificou a convocatoria de folga?
- Fíxose algún tipo de procedemento de comprobación ou verificación sobre dita notificación?
- Pensan facer algún tipo de rectificación?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Carmen Santos Queiruga
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 21/03/2019 16:19:53**

**Carmen Santos Queiruga na data 21/03/2019 16:20:01**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 16:48:36
Nº Rexistro: 48011
Data envío: 21/03/2019 16:48:36.200

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, Concepción Burgo López e Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os Premios de Teatro María Casares, de periodicidade anual, creáronse en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), a fin de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral.

Recentemente coñeciamos que a pesares de que viña sendo habitual, a través do streaming na web e pola segunda canle, a Televisión de Galicia non retransmitirá este ano a gala. A decisión tomouna a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) por diferentes motivos, recollidos nun comunicado feito público o pasado 13 de marzo:

*"En primeiro lugar, é unha decisión meditada en diferentes asembleas internas da Asociación, nas que se manifestou a necesidade de mellorar as condicións da emisión por parte da TVG ou, en caso contrario, de buscar novas alternativas. Con ese mandato asembleario, a AAAG solicitou ao longo dos últimos meses reunións cos responsables de Programas do ente para propoñerlles cambios e melloras na retransmisión. Non obstante, tal xuntanza nunca tivo lugar. En segundo lugar, envióuselle por escrito a petición de mellorar diferentes aspectos da retransmisión e solicitouse que a emisión fose pola primeira canle da TVG nun horario razoable. As peticións foron ignoradas e ofreceuse dende a TVG as mesmas condicións dos últimos anos nos que a gala dos María Casares ficaba reducida ao streaming na web e á emisión pola segunda canle en horarios poucos favorables para a audiencia.*

*A AAAG considera que a CRTVG falla neste senso e noutros moitos na súa obriga de difundir a cultura propia en xeral e a teatral en particular. Ademais, parece que nin os María Casares nin o sector escénico encaixan nas coordenadas marcadas polo lema de #Cultura365, impulsado pola CRTVG dende o momento en que se desvirtuou a marca histórica do Diario Cultural con gran protesta dentro do sector cultural. A decisión da AAAG chega nunha época de forte cuestionamento do labor público xeral do ente, tal e como evidencia a iniciativa dos Venres Negros, impulsada por parte do persoal da CRTVG, ou a convocatoria de folgas o pasado mes de decembro.*

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 16:48:36
Nº Rexistro: 48011
Data envio: 21/03/2019 16:48:36.200

*Por todo o exposto, a AAAG ofreceralle ao público a posibilidade de seguir a retransmisión dos María Casares través de Youtube a partir das 20.30 h. do xoves 21 de marzo.”*

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Respondeu a CRTVG ás reiteradas solicitudes de reunión, realizadas por parte da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, para propoñerlles cambios e melloras na retransmisión na gala de entrega dos Premios de Teatro María Casares?
2. Celebráronse ditas reunións?
3. En caso afirmativo, por que non atendeu a CRTVG as propostas dirixidas dende a Asociación de Actores e Actrices de Galicia?
4. Tras a experiencia da retransmisión desta gala, coñecía a CRTVG a existencia de queixas acerca das condicións da retransmisión?
5. Por que a CRTVG non aceptou que a gala se retransmitira na primeira canle da TVG nun horario razoable?
6. Ten previsto a CRTVG tomar algunha medida para que a canle pública retransmita a gala de entrega destes premios no ano 2020?
7. Considera que a CRTVG está a cumprir en base á *Lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia*, a súa misión de servizo público e de promoción e difusión da cultura galega?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Concepción Burgo López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 16:48:36
Nº Rexistro: 48011
Data envio: 21/03/2019 16:48:36.200

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/03/2019 16:47:16**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 21/03/2019 16:47:21**

**Julio Torrado Quintela na data 21/03/2019 16:47:25**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:17:06
Nº Rexistro: 48017
Data envío: 21/03/2019 17:17:06.156

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O pasado 14 de marzo de 2019, varios medios de comunicación da provincia de Ourense, publicaban unha información referida ao anuncio da Xunta de Galicia da súa intención de rehabilitar inmobles no concello de Ribadavia a través da inclusión deste concello no plan Rexurbe, unha iniciativa da Xunta de Galicia que ten como obxectivo a recuperación de cascos histórico de diferentes vilas e cidades galegas.

Dito anuncio produciuse despois de que ese mesmo día mantiveran unha reunión o voceiro do Grupo municipal do PP e candidato á alcaldía de Ribadavia nas vindeiras eleccións locais, e a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Unha vez máis como ben sendo habitual nos pasados anos, o PP volve a empregar a Administración autonómica de xeito partidista a escasos meses das eleccións municipais, anunciando inversións e actuacións con pouca base real e que non contan con dotación orzamentaria, facendo unha vergoñenta identificación da Administración autonómica co PP.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Te previsto a Xunta de Galicia rehabilitar inmobles no concello de Ribadavia a través do programa Rexurbe?
2. En caso afirmativo, cando ten previsto que se realizasen estas actuacións?
3. Con que dotación orzamentaria vai contar a posta en marcha deste programa?
4. Reuniuse a Xunta de Galicia co alcalde de Ribadavia para anunciarlle a posta en marcha deste programa?
5. En caso de non ter tratado este tema co alcalde de Ribadavia, cales foron os motivos?
6. Asinou a Xunta de Galicia algún convenio de colaboración co concello de Ribadavia para a posta en marcha nesta vila do Plan Rexurbe?

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:17:06
Nº Rexistro: 48017
Data envío: 21/03/2019 17:17:06.156

7. Ten previsto a Xunta de Galicia seguir facendo anuncios electoralistas ás portas das eleccións municipais?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/03/2019 17:15:31**

**Raúl Fernández Fernández na data 21/03/2019 17:15:38**

**María Luisa Pierres López na data 21/03/2019 17:15:51**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/03/2019 17:15:55**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:31:09
Nº Rexistro: 48029
Data envío: 21/03/2019 17:31:09.950

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado 17 de outubro de 2018 a empresa Alcoa anunciou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. Desde entón houbo máis palabras que feitos por parte das administracións responsábeis e agudizouse a crise da industria electrointensiva galega.

Máis aínda, o 18 de marzo coñecíase o borrador de Estatuto para a industria electrointesiva, que non trae novas positivas para Alcoa. De feito, fixo saltar todas as alarmas respecto de San Cibrao, na Mariña. Desta forma, volvían os rumores sobre o futuro da planta. Cómpre lembrar neste sentido que falamos do pulmón industrial do norte de Lugo. De feito, o comité de empresa de Cervo calcula que dependen de San Cibrao case 2.000 empregos. Dunha banda, a planta de alúmina empregan a máis de 500 persoas, a de aluminio sobre 1.200 ao que hai que engadir que nas auxiliares de Alcoa hai máis de 500 persoas.

Neste momento, Xunta e Estado non teñen posto unha alternativa sobre a mesa. Son responsábeis de non poñerse ao fronte dunha estratexia industrial que permita recuperar o futuro de Alcoa e é preciso darlle a volta.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:31:09
Nº Rexistro: 48029
Data envio: 21/03/2019 17:31:09.950

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza diante da situación de Alcoa?

-Como valora a situación da Coruña?

-E de San Cibrao?

-Tense reunido o goberno galego cos traballadores e traballadoras de San Cibrao? Con que resultado?

-Vai constituír unha mesa de seguimento estábel participada polos sectores dependentes das poxas de interrompibilidade? Vai excluír da mesma as organizacións sindicais novamente?

-Vai defender que as peaxes e cargos desta tarifa industrial sexan diferentes en cada Comunidade en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:31:09
Nº Rexistro: 48029
Data envio: 21/03/2019 17:31:09.950

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2019 17:24:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 17:24:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 17:25:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2019 17:25:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2019 17:25:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2019 17:25:06**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 17:40:59
Nº Rexistro: 48033
Data envio: 21/03/2019 17:40:59.791

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O colectivo Patrimonio dos Ancares vén de denunciar a agresión a nove mámoas catalogadas sitas na contorna da estrada comarcal LU-P-0708, entre o Alto do Restelo e Louxas.

Na necrópole megalítica da Campa das Penas de Monterrío danouse un dolmen –o dolmen de Ferreirúas, catalogado co código GA27034001– e dúas mámoas –cos códigos GA27018005 e GA27018006–. O dolmen estragado é o único da comarca dos Ancares que conserva a cámara funeraria case na súa integridade. Malia o seu valor arqueolóxico e patrimonial, na súa área de protección amontoáronse troncos de piñeiros que, ademais, bloqueaban o camiño. Por se fose pouco, ao carón da peza obsérvanse as rodeiras de maquinaria pesada.

Pola súa banda, as mámoas da necrópole foron derruídas ao remover a terra e as pedras dos túmulos con maquinaria pesada para logo plantar eucaliptos na zona.

Na necrópole da Campa do Gaiteiro repetiuse a historia. Unha mámoa foi practicamente arrasada e noutra apareceron aberturas producidas pola maquinaria pesada que participou nunha tala irresponsable de piñeiros. Os seus códigos son GA27018001 e GA27018253.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Do outro lado da estrada, na necrópole de Pico de Guencio, ensartaron un poste de cemento nunha mámoa de gran tamaño, abrindo, como é lóxico, uns buratos enormes na parte alta do túmulo. O seu código no catálogo é GA27034004.

Por último, na necrópole do Peredelo, as tres mámoas do conxunto foron danadas durante a tala de piñeiros e o transporte dás árbores, que se fixo con maquinaria pesada. Os códigos das mámoas son GA27018007, GA270018008 e GA27018048.

O asunto é, en si mesmo, moi grave, polo dano irremediable ao patrimonio que entraña; pero é aínda peor se temos en conta que non é, nin moito menos, a primeira vez que acontece algo semellante.

O pasado mes de agosto, o colectivo Patrimonio dos Ancares xa denunciara os danos que sufrira unha necrópolis megalítica da zona de A Gándara de Espiñeira, na parroquia de Narla, tamén froito da actividade da maquinaria pesada.

Con antecedentes así, é inexplicable que, outra vez, volvera suceder o mesmo. A Xunta de Galicia tería que ter adoptado medidas para evitalo. Non o fixo no pasado, polo que urxe que o faga agora.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos danos que sufriron as nove mámoas dos Ancares?
- Pensa que estaban suficientemente protexidas?
- Se o estaban, como explica que se produciran os danos?

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Se non o estaban, cal foi a razón para deixar desprotexido un patrimonio de semellante valor?
- Que vai facer no futuro para garantir que algo semellante non volva acontecer?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/03/2019 17:23:28**

**Luca Chao Pérez na data 21/03/2019 17:23:37**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:41:03
Nº Rexistro: 47970
Data envio: 20/03/2019 13:41:03.945
Data 20/03/2019 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41772,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a información, a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego anunciado por Ferroatlántica na súa planta de Sabón, a consecuencia dos resultados da poxa para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade da subministración eléctrica para o primeiro semestre de 2019"**, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

**"**Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, con motivo do debate da interpelación 41768 que tivo lugar na sesión plenaria do 12 de marzo de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?part=6dd195c3-67fc-468e-b916-aa85e82f7dc6&start=3909

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/03/2019 13:41:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:41:03
Nº Rexistro: 47970
Data envio: 20/03/2019 13:41:03.945

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/03/2019 13:41:00**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:40:55
Nº Rexistro: 47969
Data envio: 20/03/2019 13:40:55.322
Data 20/03/2019 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 42445,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración, as medidas e as actuacións realizadas e pendentes de realizar polo Goberno galego en relación ao mantemento do emprego e a capacidade de produción nos Centros de Ferroatlántica en Galicia"**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

**"**Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 45370 que tivo lugar na sesión do 7 de marzo de 2019 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-03-07?part=d1ef5fcc-21c6-47c5-bbf1-ae8f74797831&start=4081

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:40:55
Nº Rexistro: 47969
Data envio: 20/03/2019 13:40:55.322

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/03/2019 13:40:52

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 10:40:06
Nº Rexistro: 47817
Data envío: 15/03/2019 10:40:06.473

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **43116**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, "**as razóns da Xunta de Galicia para a paralización do proxecto de mellora na intersección do acceso a Setados, no Concello de As Neves, o prazo para a súa execución e os investimentos realizados na estrada PO400 no período 2013-2018"**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta está a priorizar os seus investimentos en materia de seguridade viaria, de acordo co previsto na Estratexia para a eliminación de treitos de concentración de accidentes. Segundo os datos dos que dispón a Axencia Galega de Infraestruturas, no punto quilométrico 9+980 da estrada autonómica á que se refire a iniciativa non se rexistraron accidentes con vítimas no período de tempo que vai desde o ano 2013 ata o 20 de novembro de 2018, de maneira que non se pode considerar como unha das máximas prioridades para este tipo de actuacións. Por esta razón, a execución do proxecto ao que se alude programarase en función das dispoñibilidades orzamentarias e no marco das necesidades globais en materia de conservación e mellora de estradas da Axencia Galega de Infraestruturas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/03/2019 10:40:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 10:40:06
Nº Rexistro: 47817
Data envio: 15/03/2019 10:40:06.473

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2019 10:40:00**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 10:39:55
Nº Rexistro: 47816
Data envio: 15/03/2019 10:39:55.816
Data 15/03/2019 10:39

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **44435**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, "**as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o uso do galego nos termos reflectidos na Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e televisión de titularidade estatal"**, (publicada no BOPG número 424 do 1 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego exerce as súas funcións de conformidade coas competencias que ten atribuídas no Estatuto de Autonomía e o resto da normativa de aplicación.

Así, de acordo co artigo 34 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndenlle á Comunidade Autónoma de Galicia as competencias canto á regulación, creación e mantemento da súa propia radio e televisión, no marco das normas básicas do Estado.

É, precisamente, o principio de competencia o que determina a esixencia de responsabilidades ás administracións polas funcións que teñen atribuídas.

Polo tanto, o que non pode facer a Xunta de Galicia é inmiscuirse nas competencias que ostenta a Administración Xeral do Estado.

Neste senso, o Goberno galego non pode atribuirse ninguha potestade sobre a Corporación de Radio y Televisión Española.

Como é sabido, existe a nivel estatal una Comisión parlamentaria mixta a través da cal se exerce un control da CRTVE e, no marco da cal, pódense esixir responsabilidades canto ao cumprimento das súas obrigas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2019 10:39:52**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **44455**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, "**as medidas e o prazo previsto polo Goberno galego para a mellora da seguridade viaria da estrada AC-543 na zona da Barcia, no concello de Santiago de Compostela"**, (publicada no BOPG número 424 do 1 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Para reforzar a seguridade viaria, o 8 de febreiro de 2019 a Axencia Galega de Infraestruturas colocou sinais verticais de pasos de peóns iluminados con leds no punto da AC-543 onde está situado o paso de peóns descrito na iniciativa, na zona da Barcia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 10:39:47
Nº Rexistro: 47815
Data envio: 15/03/2019 10:39:47.511

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2019 10:39:41**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:43:37
Nº Rexistro: 47908
Data envío: 18/03/2019 13:43:37.381
Data 18/03/2019 13:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 45032,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as irregularidades denunciadas na convocatoria da praza de xefe/a de Servizo de cirurxía cardiovascular na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Santiago, anunciada no DOG o 5 de outubro de 2018"**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

**"**Remitímonos á resposta facilitada pola directora xeral de Recursos Humanos á pregunta oral número 45035, que tivo lugar na comisión 5ª do 7 de marzo de 2019, na que indicou que nestes momentos a convocatoria quedou suspendida ata a resolución dos recursos interpostos á mesma.

A citada resposta pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-03-07?part=c550751e-3ba3-4b98-8309-907976deef0e&start=2416

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/03/2019 13:43:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:43:37
Nº Rexistro: 47908
Data envio: 18/03/2019 13:43:37.381

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/03/2019 13:43:28**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:43:23
Nº Rexistro: 47907
Data envío: 18/03/2019 13:43:23.507
Data 18/03/2019 13:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 45211,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da convocatoria da praza de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela"**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

**"**Remitímonos á resposta facilitada pola directora xeral de Recursos Humanos á pregunta oral número 45035, que tivo lugar na comisión 5ª do 7 de marzo de 2019, na que indicou que nestes momentos a convocatoria quedou suspendida ata a resolución dos recursos interpostos á mesma.

A citada resposta pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-03-07?part=c550751e-3ba3-4b98-8309-907976deef0e&start=2416

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:43:23
Nº Rexistro: 47907
Data envio: 18/03/2019 13:43:23.507

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/03/2019 13:43:18**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 13:40:47
Nº Rexistro: 47968
Data envio: 20/03/2019 13:40:47.111
Data 20/03/2019 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 45372,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa Ferroatlántica e a situación dos seus centros de Sabón e de Cee-Dumbria"**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

**"**Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 45370 que tivo lugar na sesión do 7 de marzo de 2019 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-03-07?part=d1ef5fcc-21c6-47c5-bbf1-ae8f74797831&start=4081

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/03/2019 13:40:43

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/03/2019 13:40:43

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:43:13
Nº Rexistro: 47906
Data envío: 18/03/2019 13:43:13.842
Data 18/03/2019 13:42

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 45389,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Ponteareas, así como as actuacións previstas para a súa mellora"**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

**"**A Xunta de Galicia ten dado todos os pasos necesarios para poder garantir a calidade da asistencia en todo o territorio galego, e polo tanto, tamén no Condado e na Paradanta, aqueixada polo mesmo problema que o resto de Galicia e que non é outro que a falta de médicos de AP e de pediatras, o que dificulta o noso labor asistencial.

Temos solicitado en reiteradas ocasións, no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, unha convocatoria MIR extraordinaria.

O Servizo Galego de Saúde ten posto en marcha un proceso participativo de mellora do modelo asistencial de atención primaria.

Entre as medidas xa adoptadas e que servirán para garantir a dispoñibilidade de persoal facultativo está a aprobación do contrato de nomeamento de continuidade e a convocatoria da Oferta Pública de Emprego (aprobada no Consello da Xunta do 14 de marzo de 2019) na que o número de prazas de médico de familia de atención primaria será de 200 que sumadas ás ofertadas na OPE de 2018 permitirán convocar 254 prazas desta categoría é de 93 pediatras.

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:43:13
Nº Rexistro: 47906
Data envío: 18/03/2019 13:43:13.842

Polo que se refire á Radioloxía, cómpre indicar que o número de placas que se fixeron no Centro en 2018, foi de 7117, o que representa un promedio de 28 radiografías por día; cifras que non xustifican en ningún caso a apertura do servizo en horario de tarde.

As ambulancias asistenciais de soporte vital básico localizadas en Ponteareas realizan a cobertura sanitaria urxente preferentemente dos municipios de Mondaríz, Mondaríz-Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño, o que supón unha cobertura de 37.659 habitantes (segundo os datos do IGE a 1 de xaneiro de 2018). Está base dispón de dúas ambulancias, unha en horario de 24 horas e a segunda a 12 horas, reforzando á atención sanitaria urxente no horario de 10.00 h ata 22.00 h.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 realiza unha avaliación continua das necesidades da poboación galega, co único obxectivo de adaptar a rede de transporte sanitario urxente ás necesidades reais da poboación. Os cambios que determinan unha ampliación no horario son principalmente: demográficos, epidemiolóxicos, flutuacións nos tipos de demanda sanitaria así como o incremento dos tempos medios de resposta en emerxencia.

Ante a inminente licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre faise unha analíse de maneira pormenorizada en todas as comarcas e municipios de Galicia, para que o Servizo Galego de Saúde poda levar a cabo as actuacións necesarias para garantir a todos os cidadáns unha atención sanitaria urxente de calidade**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:43:13
Nº Rexistro: 47906
Data envio: 18/03/2019 13:43:13.842

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/03/2019 13:42:51**

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47858
Data envio: 15/03/2019 14:09:26.995

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

O 15.03.2019 (núm. rexistro entrada en Parlamento 47832) remitiuse desde esta dirección xeral resposta a unha pregunta do GP dos Socialistas de Galicia "sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de elaborar unha lei de mobilidade sostible en Galicia e, se é o caso, o prazo previsto para o inicio da súa tramitación".

No escrito de resposta deslizouse un erro involuntario xa que se indica que a consellería que contesta é a de Política Social cando en realidade a resposta corresponde á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Por conseguinte, solicítolle se proceda á subsanación do involuntario erro.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021
CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/03/2019 14:09:17

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2019 14:09:17

CSV: dmPVVa8lc8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 13:45:44
Nº Rexistro: 47913
Data envio: 18/03/2019 13:45:44.461
Data 18/03/2019 13:45

RS/ms

